

VOCABULARIO

Autarquía (do grego «autárkeia» bastarse a sí mesmo)

Teoría e política económica propia dos rexímenes totalitarios que se pecha ao exterior, un Estado ha de cubrir por si mesmo as súas necesidades económicas, eliminando, prohibindo ou restrinxindo ao máximo as importacións co estranxeiro para autoabastecerse coa produción nacional. Ex. Italia fascista, a Alemaña nazi ou a España de Franco.

Ditadura

Reximen político non democrático, no que o poder está concentrado nas mans dunha soa persoa ou institución, e nun partido único, e no que non se respecta os dereitos individuais. O uso da forza/violencia institucionalizada e da propaganda son algún dos elementos moi común neste tipo de sistemas. Ex, ditadura de Franco, Stalin.

Espazo vital “*Lebensraum*”

Teoría creada polo xeógrafo alemán Ratzel na segunda metade do XIX, e adoptada por Hitler como estratexia (tras os humillantes recortes territoriais do Tratado de Versalles) para invadir Centroeuropa, desencadeando a Segunda Guerra Mundial en setembro de 1939. Hitler sostiña que o pobo elixido (raza superior=aria) debía dispoñer de suficiente espazo (terras e alimentos) de ahí a necesidade de ocupar os territorios ocupados por razas consideradas inferiores.

Estado

Forma de organización política, recoñecida a nivel internacional, que abarca á totalidade da poboación dun país por medio dun conxunto de institucións (órganos de goberno) independentes e soberanas. Existen diferentes formas de organizar un Estado (unitaria, federal, autonómica) e dentro dos elementos comúns do Estado: poboación, territorio, goberno e soberanía.

Fascismo

Réxime político antidemocrático de dereitas, baseado na existencia dunha ditadura de carácter unipersoal (líder carismático), de partido único, na exaltación nacionalista e na organización corporativa do Estado. Creado por Mussolini ao final da IGM, pódese aplicar tamén o concepto á Alemaña nazi, e aos rexímenes ocupados por esta durante a II GM.

Felices anos vinte

Período de prosperidade económica que se produciu en Estados Unidos entre 1920 e 1929, e en algúns países europeos a partir de 1925. Anos marcados tamén por importantes cambios sociais e culturais como a liberación da muller.

O crack da Bolsa de Nova York de 1929 e o inicio da crise do trinta remataron con estes “felices anos vinte”.

Frente popular

Alianza política das forzas de esquerda tras as grandes derrotas en Europa Occidental durante os anos Trinta. Ex, Francia ou en España durante a II República entre o ano 1936 e o remate da Guerra Civil no ano 1939.

Inflación

Aumento xeneralizado e sostido dos prezos dos bens e servizos dun país que implica a perda de poder adquisitivo. Normalmente causado polo desequilibrio entre a oferta e a demanda, ou tamén se o custo da materia prima aumenta, caso do petróleo. Repercute en todos os sectores económicos, comercio, industria, etc.

Leis de Nuremberg

Leis raciais publicadas polo parlamento alemán en Nuremberg o 15 de setembro de 1935, base xurídica da política racista antixudía en Alemaña.

A “Lei de Cidadanía do Reich” establecía que a cidadanía era exclusivamente para os arios despoñendo aos xudeus de todo dereito político; e a “Lei para salvagarda do sangue e a honra alemá”, prohibía entre outras cousas os casamentos e as relacións extramatrimoniais entre alemáns e xudeus, ou o uso da bandeira alemá por parte de xudeus.

Plan Dawes

Proxecto do financeiro e político norteamericano Charles Dawes en 1925 para reducir as cantidades que Alemaña debía abonar aos vencedores (especialmente a Francia) como reparacións de guerra, e conseguir así tanto como que Alemaña puidese pagar aos seus acreedores, como estos as súas débedas aos EEUU.

Proteccionismo

Práctica económica que desenvolve un país para protexer e incentivar a súa industria fronte á competencia do estranxeiro, prohibindo ou entorpecendo ao máximo (con taxas, impostos) aos cidadáns a compra de produtos do exterior e alentando ao tempo o consumo de artigos nacionais. Contrario ao librecambismo.

Sociedade de consumo

Termo utilizado para caracterizar o consumo xeneralizado e excesivo de bens e servizos. O termo ten a súa orixe na Revolución Industrial e, sobre todo, na recuperación económica dos *“felices anos vinte”*, cando a sobreproducción, o aumento dos soldos e a venda a prazos reconverteron o consumo, que era unha necesidade, nun pracer.

Sobreproducción

Unha situación económica en que a oferta de produtos supera á demanda. Cando é xeneralizada e duradeira, o país entra en crise, ao ser incapaz de desfacerse das seus stocks e as empresas vense obrigadas a reducir a súa actividade ou a pechar, prescindir de parte dos traballadores, dando orixe a un importante problema social. Ex, EEUU a finais dos anos vinte.

Stock

En español, reservas ou existencias. Para darlle saída ao exceso de stocks, as empresas recurren á baixada de prezos, concesión de créditos (ventas a prazos, etc) ou incluso rebaixando a produción ou prescindindo da man de obra. A sobreproducción anterior ao Crack de 1929 que desencadeou a Depresión dos anos trinta.

Totalitarismo

Réxime político non democrático que impón unha “integración política total” entre o Estado e a sociedade, obrigándoa a adherirse e a participar nel; rexime de partido único (de masas e disciplinado) e no que os dirixentes son os mesmos cos do Goberno, cun ríxido control policíaco e apoio do exército. Ex, Italia de Mussolini ou o réxime de Stalin na URSS.